

**RELIXIÓN CATÓLICA -PXA 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.****MESTRA: Celia Piñeiro García**

Área	Relixión (RMC)	CURSO	2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL
<b>Contextualización</b>		<b>Xustificación</b>	
<p>Esta programación didáctica esta pensada para desenvolverse nas aulas do CRA de Rianxo para nenos e nenas de 2º ciclo de Educación Infantil. Neste curso 2020-21 faise necesario adaptar a nosa programación ao contexto Covid-19 polo que incluímos un apartado de medidas que se terán en conta na programación de Relixión para facer fronte á pandemia dentro das aulas. Este curso en Educación Infantil contamos na área de Relixión cun total de 24 alumnos de 3 a 6 anos repartidos en 9 aulas.</p>		<p>Esta programación no seu deseño baseouse nas orientacións didácticas do currículo de Relixión para o 2º ciclo de Educación Infantil e atende ás características específicas do centro C.R.A. da ensinanza multinivel, onde se comparten varios niveis educativos nun mesmo espazo. A consecución dos obxectivos, o tratamento dos contidos e o desenvolvemento das competencias está condicionado por este factor contextual que inflúe de maneira determinante no devir das distintas áreas. Na área de Relixión traballaremos a partir de núcleos temáticos comúns a todos os niveis educativos que conviven dentro dun aula, que nos permiten a posibilidade de ir adaptando as actividades aos distintos niveis dentro dun mesmo espazo.</p>	
<b>Obxectivos</b>		<b>Contidos</b>	
<p>1. Descubrir o propio corpo, como agasallo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.</p> <p>2. Recoñecer no entorno familiar e social manifestacións que expresan a vivencia da fe católica e identifican a comunidade relixiosa á que pertence o alumno/a.</p> <p>3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan ao neno/a desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, alegría e admiración.</p> <p>4. Coñecer as tradicións e festas relixiosas máis importantes</p>		<p>1. A creación, como obra de Deus e agasallo ás persoas. Deus pide respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación.</p> <p>2. O corpo humano como agasallo de Deus que quere que os nenos/as crezan sans, coa colaboración da familia e da escola. Os medios para conservar a saúde.</p> <p>3. Os símbolos relixiosos. Observar o vocabulario, imaxes e edificios relixiosos cercanos aos alumnos/as.</p> <p>4. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns.</p>	

<p>do seu entorno, exercitando as primeiras habilidades para comprender o sentido das festas relixiosas e a importancia da cultura cristiá.</p> <p>5. Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade de cara os demais.</p> <p>6. Descubrir que os cristiáns chaman Pai a Deus, que é o Creador de todas as cousas, que os quere e perdoo sempre.</p> <p>7. Coñecer que Xesús naceu en Belén e que é o seu Amigo que os quere e ensina.</p> <p>8. Valorar a figura da Virxe María como a nai de Xesús e de todos os cristiáns.</p> <p>9. Respetar ás persoas, coidalas e preocuparse delas tal e como ensina o seu amigo Xesús, así como de todo o seu entorno.</p> <p>10. Descubrir os valores cristiáns a través de distintos contos e relatos que conecten coas súas experiencias vitais e permitan o desenvolvemento da súa intelixencia emocional.</p>	<p>5. A ledicia polo nacemento de Xesús. Relatos do nacemento, vida, e resurrección de Xesús.</p> <p>6. O amor de Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso.</p> <p>7. A figura da Virxe María. As festas marianas do entorno dos alumnos/as.</p> <p>8. Xesús coida de todos e todas nós e nos quere a todos e todas, e quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais.</p> <p>9. A manifestación do amor cristián en xestos de compartir e de amizade.</p> <p>10. A familia e a Igrexa como a gran familia de Deus.</p> <p>11. Os edificios cristiáns e os elementos da arte cristiá máis importantes.</p>
--	---

<b>Criterios de Avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
<p>1. Coñecer, valorar e respetar os signos máis característicos do cristianismo.</p> <p>2. Coñecer os valores humanos que posúen no seu interior e que Xesús lles ensina.</p> <p>3. Coñecer e valorar as principais obras de arte cristiá.</p>	<p>1. Sabe observar os referentes relixiosos do seu entorno.</p> <p>2. Sabe o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.</p> <p>3. Aprende a respetar os signos e símbolos relixiosos do seu entorno.</p>

<p>4. Valorar as ensinanzas que Xesús nos da para aprender a amar aos demais.</p> <p>5. Valorar a Igrexa como a gran familia de Deus.</p> <p>6. Coñecer os principais relatos bíblicos do Antigo Testamento.</p> <p>7. Coñecer e valorar os principais relatos bíblicos sobre Xesús e as súas ensinanzas.</p> <p>8. Coñecer e valorar os elementos básicos das festas e tradicións relixiosas.</p> <p>9. Valorar a cultura cristiá.</p>	<p>4. Está coñecendo como as ensinanzas de Xesús melloran a convivencia.</p> <p>5. Coñece a figura de Xesús como un amigo que nos ama.</p> <p>6. Sabe recoñecer a cruz como o principal signo dos cristiáns</p> <p>7. Recoñece a Igrexa como o edificio parroquial e a casa de Deus e de todos os cristiáns.</p> <p>8. Asume os valores que Xesús lle ensina: compartir as cousas, perdoar e ser perdoados, axudar aos compañeiros, ser amables.....</p> <p>9. Aprecia os valores cristiáns que facilitan a convivencia e a igualdade entre todas as persoas.</p> <p>10. Respecta aos demais, os seus libros e os seus xogos.</p> <p>11. Progresa nas actitudes para amar e ser amado.</p>
---	--

<b>Desenvolvemento das competencias</b>	
<b><i>Comunicación lingüística</i></b>	<b><i>Competencias sociais e cívicas</i></b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...</li> <li>• Gozar coa lectura.</li> <li>• Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...</li> <li>• Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>• Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</li> <li>• Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> <li>• Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>• Evidenciar preocupación e respecto polos máis</li> </ul>

	desfavorecidos .
<b>Competencia dixital (Iniciación)</b>	<b>Conciencia e expresións culturais</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>• Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.</li> <li>• Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.</li> <li>• Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> <li>• Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.</li> <li>• Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.</li> <li>• Elaborar traballos con sentido estético.</li> </ul>
<b>Aprender a aprender</b>	<b>Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.</li> <li>• Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</li> <li>• Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente,...</li> <li>• Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Dimensión cultural e histórica.</i> Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.</li> <li>• <i>Dimensión ético-moral.</i> Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade, da caridade e da igualdade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.</li> <li>• <i>Dimensión humanizadora.</i> Faculta o alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.</li> <li>• <i>Dimensión epistemolóxica.</i> Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.</li> </ul>

### Procedementos de avaliación

A avaliación será continua, global, formativa e integradora e terase en conta o progreso do alumno/a ao longo do curso.

Terase en conta a evolución do alumno e a consecución dos ítems traballados que se establecen para a Área de Relixión Católica no Xade.

Empregaranse os seguintes procedementos para a recollida da información: diario de clase, traballo de aula, preguntas orais, observación directa e entrevistas cos pais, aptitude do alumno/a perante o traballo mediante os rexistros no caderno do profesor, grao de adquisición das competencias básicas, ...

Os resultados da avaliación dos alumnos/as expresarase nos termos seguintes: Sen dificultade (SD), En proceso (EP) e con dificultade (CD).

Ao comezo de cada curso realizarase unha avaliación inicial que inclúe tamén a análise dos informes persoais do curso anterior, que servirá como referencia para a programación de aula.

### Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

Durante as primeiras semanas do curso, realizarase unha avaliación inicial aos alumnos/as para coñecer a situación de partida, respectando no alumnado de nova incorporación os ritmos de adaptación á escola. Os recursos empregados para realizar dita avaliación serán:

.Suxestións de actividades: a partires da observación directa. Estas actividades realizaranse por grupos ou con toda a clase e estarán relacionadas cos criterios de avaliación.

### Criterios de cualificación

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

ÁREA/MATERIA	Instrumentos de avaliación	
	Respostas orais, traballo cooperativo e individual e actitude cara á aprendizaxe.	25%

- Formulario de rexistro persoal: caderno do profesor/a para consignar o resultado da valoración de cada alumno.

Neste curso tanto o período de adaptación como a avaliación inicial veñen marcados polo contexto Covid. O período de adaptación esténdese a todo o alumnado de 2º ciclo de educación infantil e faise necesaria non só unha valoración inicial de carácter curricular senón tamén afectivo-emocional.

RELIXIÓN	Atención, esforzo e interese	30%
	Actitude cara os compañeiros	35%

#### Actividades de recuperación e reforzo

- Cos alumnos que necesiten a realización de actividades de reforzo das aprendizaxes recibidas exploraranse as posibilidades educativas e a tutorización entre iguais, programando actividades en grupo.
- En todo caso o alcance destas actividades de reforzo serán determinadas polas características individuais de cada alumno, xa que é imposible a priori ver cales van ser os obxectivos non acadados, nin as causas destas carencias.
- Durante todo o curso as actividades serán significativas, permitirán a interacción entre iguais, terán relación coas diferentes capacidades e permitirán alcanzar os obxectivos e contidos propostos, permitirán a expresión, terán en conta os ritmos de aprendizaxe, reflexarán a organización e serán avaliadas. Serán iniciais, de desenvolvemento (consolidación, ampliación, reforzo) e de avaliación.
- Realizaranse actividades encamiñadas a:
  - Resolver cuestións e actividades de lóxica e asociación.

- -Relacionar festividades.
- -Asociar personaxes e historias.
- -Comentar unha historia.
- -Representar historias a través do debuxo.
- -Desenvolver a creatividade .

### **Crterios metodolóxicos**

Non se utilizará unha metodoloxía única, senón que se partirá das necesidades dos alumnos e dos obxectivos propostos, o cal vai permitir definir o tipo de método concreto que mellor se adapte ao tipo de tarefa, aos alumnos e circunstancias, neste caso atendendo as necesidades das ensinanzas multiniveis.

Non obstante existen certos **principios** xerais que guiaran a práctica educativa e que parten dunha concepción construtivista, estes son:

- a) Respecto das leis da maduración.
- b) Comunicación e apertura.
- c) Individualización e autonomía.
- d) Socialización.
- e) Secuenciación.
- f ) Flexibilidade.
- g) Aprendizaxe construtivo-significativa.
- h) Formación de hábitos e actitudes.
- i ) Coordinación coa familia.

Para conseguir estes principios algunhas das **actividades** que se levaran a cabo son:

- - Aumentar a retención de coñecementos, co fin de que estas aprendizaxes sexan significativas e funcionais.
- - Procurar a socialización dos alumnos, para isto aproveitaranse todos os tipos de agrupamento para o traballo: individual, parellas, pequeno ou gran grupo dependendo das características do traballo a realizar.
- - Seleccionar os contidos máis relevantes para acadar competencias e analizalos dende a óptica da utilidade de formar cidadáns con perfís necesarios para moverse con adecuación, responsabilidade e liberdade no mundo actual.
- - Orientar as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados, conseguindo que as nenas e os nenos desenvolvan diversos xeitos de actuación e adquiren a capacidade de enfrontarse a situacións novas.
- - Que o alumno/a participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando o proceso, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo.
- A organización de alumnos/as será tanto espontánea como coa intervención do profesor, tanto por suxerencia como por imposición en función das características individuais, si son variables ou permanentes, de opción ou de rendemento evitando sempre a discriminación polas súas características individuais.
- As técnicas que se utilizarán nas sesións de clase son as de mando directo, reprodución de modelos, descubrimento guiado, resolución de problemas, ensinanza recíproca, asignación de tarefas e ensinanza individualizada.
- Para este curso vese a necesidade de potenciar enfoques didácticos que lle permitan aos alumnos utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas de aula e as TIC como recursos de aprendizaxe.

#### **Medidas de atención á diversidade**

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, poñeranse en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares.

Si se observa que un determinado alumno presenta dificultades na área programaranse actividades de reforzo indicadas no



apartado anterior ou aquelas que mellor se adapten ás necesidades que presenta.

Para o cal as medidas de atención do alumnado con N.E.E. serán:

a) atención ordinaria:

-R.E. sen apoio: deseñaranse actividades adaptadas ás necesidades que presentan os alumnos.

<b>Programación de educación en valores</b>	<b>Accións de contribución ao proxecto lector</b>
<p>A educación en valores está presente en todos os temas propostos nesta programación por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.</p> <p>Pódese considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Localizar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.</li><li>2. Deseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.</li><li>3. Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a enxuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.</li><li>4. Facultar aos alumnos para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.</li></ol>	<p>Ao longo desta etapa, os nenos e as nenas participaran nas actividades que desenvolva o centro de acordo co proxecto lector. Entre as actividades cotiás destacamos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>o Biblioteca de aula</li><li>o Biblioteca do centro</li><li>o Participar nas distintas actividades de biblioteca.</li><li>o Uso dos carnets da biblioteca</li></ul> <p>Ademais, recolleremos recursos literarios de carácter relixioso atractivos para os nenos e as nenas, como son as poesías, os refráns, relatos bíblicos adaptados e pequenas dramatizacións para desenvolver diferentes tipos de linguaxe.</p>

--	--

<b>Accións de contribución ao plan TIC</b>	<b>Accións de contribución ao plan de convivencia</b>
<p>A planificación do uso do ordenador e demais instrumentos tecnolóxicos están pensadas como un recurso e ferramenta máis do que dispoñemos , igual que un libro ou o encerado. Trátase de incorporar estas ferramentas como recursos habituais na aula e empregalos como medios de expresión, comunicación e información, sen restrinxirse a usos mecánicos ou lúdicos.</p> <p>En definitiva, consiste en xogar e aprender utilizando o ordenador.</p> <p>Os <b>obxectivos</b> que se propoñen en relación as TIC son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Incorporar as TIC como un recurso máis ao proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>➤ Traballar as diferentes competencias básicas a través de materiais interactivos.</li> <li>➤ Empregar material audiovisual atractivo para o alumnado.</li> </ul> <p>Por iso potenciarase o uso das TIC con actividades como:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Programas Clic e outros recursos.</li> <li>- CDs de comunicación oral.</li> <li>- Búsqueda de información na internet.</li> </ul>	<p>Dende a área de Relixión formaremos aos nenos e as nenas en aspectos que entendemos fundamentais para a adquisición progresiva de hábitos e comportamentos desexables e necesarios para a súa integración na sociedade: autonomía, coidado do medio, educar para a alimentación, coidado dos espazos, expresión de sentimentos, educar para a igualdade... Traballaremos aspectos tales como o cariño, o enfado, os celos, o medo, a alegría, a tristura, a manifestación de gustos e opinións, o control dos impulsos...</p> <p><b>Accións de contribución ao proxecto lingüístico</b></p> <p>Tendo en conta o reflectido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia:</p>

<p>- Uso do portal web do centro.</p> <p>Para acadar estes fins empregarase a encerado dixital e todo o material informático dispoñible dentro das aulas.</p>	<p>Na etapa de Educación Infantil:</p> <p>1. Impartirase en galego a materia de Relixión</p>
---	--

<p><b>Materiais e recursos didácticos</b></p>	
<p><b>MATERIAIS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cds de xogos bíblicos para o ordenador de aula</li> <li>- Material fotocopiado elaborado polos mestres. <ul style="list-style-type: none"> <li>• - Novas tecnoloxías: internet</li> </ul> </li> <li>- Xogos didácticos <ul style="list-style-type: none"> <li>• - Libros de literatura infantil e relatos bíblicos</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ESPAZOS</li> <li>• - As aulas das que dispoñemos nas escolas que contan con encerado dixital, biblioteca de aula e recunchos diversos.</li> </ul>

<p><b>Actividades complementarias i extraescolares</b></p>	
<p>Participarase en todas as actividades que se organicen no centro a proposta do Equipo de Dinamización Lingüística, de Biblioteca e de Actividades Complementarias e Extraescolares. Celebraranse todas as conmemoracións fixadas pola Consellería de Educación adaptadas ao contexto Covid.</p>	

<p><b>Medidas de adaptación ao contexto Covid</b></p>
---

<i>Medidas de hixiene e seguridade</i>	<i>Medidas de concienciación</i>
<p>Dende a área de Relixión levaremos a cabo no que nos sexa posible ás medidas propostas no Plan de Adaptación do colexio:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Axudar ou proceder a que os alumnos/as realicen unha hixiene de mans exhaustiva con xabón e auga, nos momentos establecidos dentro da xornada segundo o horario que corresponda, sobre todo na hora das merendas.</li> <li>- Comprobar que o alumnado de EP acceda ao centro con máscara e permaneza con ela, quitándoa só nos momentos da merenda.</li> <li>- Comprobar que alumnado de EI siga as instrucións da titoría á hora do uso da máscara dentro da escola.</li> <li>- Axudar ao alumnado a que evite tocar os ollos, o nariz e a boca.</li> <li>- Velar porque se faga uso correcto das papeleiras e do material Covid.</li> <li>- Asumir as tarefas de ventilación que correspondan.</li> <li>- Adaptarse na medida do posible aos grupos de traballo cooperativos estables configurados dende as titorías.</li> </ul>	<p>É labor da comunidade educativa axudar na concienciación destas medidas de hixiene e protección no alumnado. Por iso dende á área de Relixión contribuiremos a isto a través de dinámicas rutinarias, cancións, xogos... valorando a importancia destas medidas, aclarando dúbidas e realizando actividades ao longo do curso de concienciación do alumnado.</p>

- Encargarse de que cada alumno/a use o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común), tamén para a área de Relixión. Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- Nas escolas que Relixión se imparte nas aulas multifunción asumir a correcta ventilación e desinfección do espazo ao remate das sesións.
- Cando o material sexa gardado de xeito grupal, será a mestra a que se encargue desta labor e procederase á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo.
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula.
- Se é preciso que un alumno empregue o encerado, realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcohólico do rotulador que empregue.
- Antes de entrar nunha aula a mestra empregará máscara e facerá unha correcta desinfección de mans.
- Entre cada sesión realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.

<ul style="list-style-type: none"> <li>- En caso de detectar na aula de Relixión un caso con síntomas compatibles co Covid -19, a mestra iniciará o Protocolo: illando ao alumno/a no recanto correspondente e avisando ao Equipo Covid, á familia do alumno/a e á titoría da aula.</li> </ul>	
<p><b><i>Medidas para mellorar a competencia dixital do alumnado</i></b></p>	<p><b><i>Medidas telemáticas de atención ao alumnado ante posibles confinamentos</i></b></p>
<p>Incentivar a mellora da competencia dixital do noso alumnado ven recollido no Plan de Adaptación do CRA como algo necesario e importante. Dende a área de Relixión tomaremos as seguintes medidas dentro na nosa programación (en canto que os recursos dixitais do centro o fagan posible, xa que a día de hoxe a área de Relixión non conta con ordenador, nin móbil, nin tableta, nin ten acceso a todos os ordenadores nin encerados dixitais das aulas principais por ter que compartir espazos polo seu carácter de optativa. As aulas de usos múltiples das escolas non están dotadas con ningún equipo informático):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizaranse os axustes metodolóxicos necesarios nas dinámicas de aula para poder incorporar actividades e</li> </ul>	<p>En caso de que se produza un novo confinamento o departamento de Relixión tomará as seguintes medidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregaranse como canles de comunicación coas familias e alumnado o Abalar-móbil e o Portal-web do centro. No caso de que alguna familia non poida ter acceso ao Abalar empregaríanse como vías alternativas o correo electrónico ou en último caso a chamada telefónica.</li> <li>- Crearase un curso de Relixión na aula virtual do centro onde se irán subindo recursos e actividades de carácter telemático que poidan ser realizadas polo alumnado e avaliadas pola profesora.</li> <li>- Buscaranse recursos e actividades compatibles con cal-</li> </ul>

recursos dixitais nas mesmas.

- A mestra de Relixión participará en cursos de formación do profesorado para mellorar a súa propia competencia dixital.
- Ao longo do curso entraremos na aula virtual do colexio para que o alumnado se familiarice co proceso e gañe en autonomía á hora de manexarse neste ámbito.
- Aproveitaremos os recursos e actividades subidas o curso pasado e ofreceremos novos recursos e actividades.
- Intentaremos empregar, na medida das nosas posibilidades, dispositivos electrónicos na aula: ordenador, móbil, encerado dixital, tableta...
- Buscaremos información e recursos nas ferramentas que nos proporciona internet.
- Na medida en que nos sexa posible priorizaremos o uso de recursos telemáticos: videocontos, fichas interactivas, relatos bíblicos animados..
- Buscaremos en todo momento que as actividades telemáticas teñan un compoñente lúdico para que resulten máis atractivas ao noso alumnado.

quera dispositivo para aumentar as posibilidades de acceso por parte do alumnado: ordenador, móbil ou tableta.

- Usaremos a pestana de Educación Relixiosa do Portal-web do centro para compartir actividades, transmitir información ás familias e e subir avisos relacionados ca aula de Relixión.
- Se a organización do centro o permite realizaranse sesións lectivas telemáticas co alumnado de Relixión ao longo do confinamento para poder ter contacto directo cos nenos e nenas e cas súas familias. Nestas sesións levaranse a cabo sobre todo actividades de contacontos para traballar valores e relatos bíblicos e tamén para aclarar dúbidas e inquedanzas que poidan xurdir no alumnado.
- Dende a aula virtual aínda que ofertaremos fichas imprimibles para facer na casa priorizárase o uso das fichas interactivas para facer directamente en calquera dispositivo, co obxectivo de facilitar as aprendizaxes aos alumnos/as que non teñan acceso a unha impresora.
- Buscaremos en todo momento que as actividades telemáticas teñan un compoñente lúdico para que resulten

máis atractivas ao noso alumnado.

- E por último o departamento de Relixión intentará participar en todas as actividades e iniciativas de centro de carácter telemático para as que sexa requerida: vídeos colaborativos, contacontos, fotos de actividades creativas... e porase a disposición do Equipo Directivo para atender as necesidades do centro.

Celia Piñeiro García  
Mestra de Relixión Católica do C.R.A. de Rianxo  
Rianxo a 20 de setembro de 2020